

**ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE SAN FELIPE  
DO DÍA 13 DE MAIO DE 2016**

No local da Asociación de Veciños de San Felipe-San Cristóbal, situado en San Felipe nº 13, Ferrol, sendo as 19:05 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de San Felipe cos seguintes asistentes:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	12	Nº de homes:	7
		Nº de mulleres:	5

**Desenvolvemento da sesión:**

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación da a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Olalla López da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de San Felipe tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

<b>VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO</b>	
A título inividual	José Ortega Sestayo.
En representación de entidades	José Luis Vivero Vidal (AVV Unidad San Felipe-San Cristóbal)

<b>REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA</b>
José Ortega Sestayo
José Luis Vivero Vidal

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da

mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de San Felipe e que a modo de resumo son os seguintes:

- Problemas de saneamento.
- Obras de recuperación do patrimonio. Lavadoiro público. Arranxo da fonte.
- Lavadoiro de San Cristovo. Recuperación do lavadoiro e da fonte.
- Problemas de acceso a San Felipe, queixanse da lentitude burocrática para executar as obras.
- Abandono de San Felipe como reclamo turístico.
- Dinamizar e explotar o atractivo turístico do castelo. Arranxar a explanada de acceso ao castelo.
- Mantemento do Castelo. Mellorar o acceso directo ao castelo. Potenciar o servizo marítimo ou habilitar a estrada Brión-Doniños.
- Poda das árbores. Non se fani ningunha e prexudican as vivendas dos veciños e veciñas.
- Quitar unha pedra que hai na zona máis estreita onde xa houbo un accidente grave.
- Alumeado dende a Graña.
- Limpeza de maleza na estrada.
- Arranxar a estrada de arriba para facer unha estrada nun sentido e outra noutro sentido.
- Explotación turística do castelo. Fai falla un plan de usos do castelo, e se podería explotar para obter recursos económicos para conservar o propio castelo e todos os seus arredores.
- Falta de mantemento da plantación de castiñeiros. Abandonouse a plantación de castiñeiros e lembran que foi moi costosa .
- Problemas co saneamento dalgunhas vivendas derivado dunhas obras da Autoridade Portuaria que inhabilitou as súas instalacións de saneamento.
- Falta de funcionamento da rede de saneamento existente.
- Acceso ás Teixoeiras. Non hai auga, nin luz. Facilitar o acceso, non se pode ir no coche ata alí.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20:16 horas.

O concelleiro delegado da área de  
Participación, Novas Tecnoloxías  
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro